



Concello de Oza-Cesuras

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR DE MULTIDEPORTE, XESTIONADA POLA ANPA, DOS ALUMNOS MATRICULADOS NO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL OU EDUCACIÓN PRIMARIA NO CEIP PLURILINGÜE BRAGADE NO CURSO 2025/2026

Con carácter previo á elaboración das bases específicas para a concesión de axudas para actividades extraescolares, xestionadas pola ANPA, dos alumnos matriculados no 2º ciclo de Educación Infantil ou Educación Primaria no CEIP Plurilingüe Bragade no curso 2025/2026 solicitouse información á ANPA no tocante ás actividades ofertadas e ao número de participantes das mesmas.

A citada entidade indicou que se ofertaban, entre outras, as seguintes 3 actividades:

- Multideporte, con 5 participantes.
- Fútbol Sala, con 10 participantes.
- Multideporte + Fútbol Sala, con 17 participantes.

Unha vez convocadas as axudas, entre outras, para as actividades de fútbol-sala e multideporte por contar cun mínimo de 10 participantes a ANPA Socamiño do CEIP Plurilingüe Bragade comunicou que non existe “un grupo diferenciado para fútbol sala + multideporte” senón que se ofrece ás familias a posibilidade de inscribirse nas dúas cun prezo reducido.

Á vista do exposto, o grupo de goberno, co fin de evitar situacións de discriminación entre os participantes en ambas actividades motivado pola información remitida pola citada entidade considera conveniente efectuar esta nova convocatoria.

Primeira. Natureza, obxecto e créditos orzamentarios.

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública en concorrencia competitiva, que no exercicio das súas competencias e de conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal, efectúa o Concello de Oza - Cesuras para a concesión de axudas para a actividade extraescolar de multideporte, curso 2025/2026, para aquelas familias empadroadas neste municipio que se atopen nunhas condicións económicas e sociais desfavorables, como acción de fomento e contribución aos gastos orixinados pola asistencia á actividade extraescolar dende o mes de outubro de 2025 ata o mes de maio de 2026, ambos incluídos, dos alumnos/as que cursen estudos de 2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria no CEIP Plurilingüe Bragade.

O presente expediente financiarase coa dotación presupostaría de 1.000,00 € dentro a partida 326.48000.

Segunda. Beneficiarios/as, requisitos e xeito de acreditación.

Para optar ao beneficio de beneficiario/a deberán reunirse os seguintes requisitos:





Concello de Oza-Cesuras

- a) A solicitude deberá formulala o pai, nai ou titor/a do/a alumno/a tendo, tanto o/a alumno/a como o/a solicitante, que estar empadroados/as no Concello de Oza – Cesuras.
- b) Estar o/a alumno/a matriculado/a en ensinanzas obxecto desta convocatoria.
- c) Que os ingresos das unidades familiares non superen as cantidades que se recollen na base cuarta da presente convocatoria.
- d) Ter presentado a solicitude e documentación no prazo establecido (anexo I).
- e) Cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Oza-Cesuras. Esta circunstancia acreditarase mediante a declaración responsable incluída no formulario de solicitude (anexo III).
- f) Cumprimento das obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira. Gastos subvencionables.

As axudas irán destinadas a cubrir os gastos da actividade extracolexar de multideporte, do C.E.I.P. Plurilingüe Bragade, xestionada pola A.N.P.A. no período comprendido entre o 1 de outubro de 2025 e o 31 de maio de 2026.

Cuarta. CONTÍA DA AXUDA.

A contía da axuda concederáse en función de dous criterios, **excluíntes entre sí**:

1) Criterio renda

- a. **Tramo 1 de renda** : As familias cunha renda familiar de 10.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a e corresponderíalle unha axuda económica de 9 €/mes por actividade, cun máximo de axuda a dúas actividades extraescolares por fillo.
- b. **Tramo 2 de renda**: As familias cunha renda familiar igual ou inferior a 18.000€ máis 1.000 € por cada fillo/a, e que non estean incluídas no tramo 1, poderán solicitar unha axuda económica de 9 €/mes por actividade cun máximo de unha actividade extraescolar por fillo.

2) Criterio - Socios A.N.P.A.

As familias que non resulten beneficiarios da axuda polo criterio da renda poden solicitar unha axuda de 3 € por actividade por causas sociais, culturais, educativas ou similares por estar asociado a ANPA SOCAMIÑO DO CEIP PLURILINGÜE BRAGADE.





Concello de Oza-Cesuras

Para estes efectos enténdese por:

- a) **UNIDADE FAMILIAR:** Considérase familia para calcular o baremo de recursos, o matrimonio ou parella, os/as pais/nais ou titores legais e os/as fillos/as menores que dependan economicamente destes. No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co/a solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co/a solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma e o convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.
- b) **RENDA FAMILIAR:** O total ingresos obtidos por todos os membros computables da unidade familiar, sexa cal sexa a súa procedencia (rendementos do traballo por conta propia ou allea, pensións, prestacións e subsidios, rendas de capital,...) resultante da suma das casañas 435 (Base imponible xeral) + 460 (Base imponible do aforro) do IRPF 2024.

Quinta. DOCUMENTACIÓN

A) Solicitudes presentadas polo criterio da renda

- 1 - As solicitudes deberán formularse segundo o modelo oficial que figura como **Anexo I** dirixido ao Sr. Alcalde do Concello de Oza-Cesuras, e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello de Oza-Cesuras, en calquera das sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, telemáticamente na sede electrónica do Concello de Oza-Cesuras, con certificado dixital, ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Tamén se poderá obter o modelo de solicitude a través da páxina web www.concellodeozacesuras.es.

- 2- Xunto co **ANEXO I** de solicitude asinado polo/a solicitante (pai/nai ou titor/a), deberase presentar a seguinte documentación indicada nel, no apartado “DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR”

Deberán aportarse os seguintes documentos segundo os casos que se especifican (sinale as casillas correspondentes aos documentos que achega):

D.N.I. de ambos proxenitores (*Salvo no caso de familias monoparentais ou existencia de convenio regulador con custodia exclusiva para un dos proxenitores*). No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como





Concello de Oza-Cesuras

xustificantes das aportacións do ex-cónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.

Libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).

Xustificante de estar matriculado no curso 2º ciclo de educación infantil ou educación primaria no CEIP plurilingüe Bragade no curso 2025/2026.

Certificación bancaria do número de conta ou fotocopia da libreta de aforros na que figure o número de conta co IBAN e na que deberá figurar como titular a persoa solicitante.

A capacidade económica da unidade familiar calcularase en atención a súa renda e se é o caso ao seu patrimonio. A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban e que comprenderán os rendementos do traballo, incluídas as pensións e prestacións de previsión social (nacionais e/ou do estranxeiro, calquera que sexa o seu réxime (certificado 2024); os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais. Ante calquera dúbida a comisión cualificadora poderá solicitar declaración xurada de ingresos.

No caso de solicitar a bonificación por criterio de renda, deberá achegar:

- o ANEXO II de AUTORIZACIÓN PARA OBTENCIÓN DE DATOS DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA
 - o No suposto de non autorizar a súa consulta (Anexo II), achegará a declaración da renda correspondente ao último exercicio (ano 2024) e de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de renda emitido pola Axencia Tributaria.
 - o No suposto de estar desempleado/a, presentar documentación que acredite dita situación e certificado do SEPE da percepción ou non de prestación.
 - o No suposto de percibir pensión por xubilación, viudedade, orfandade ou incapacidade, deberán presentar o certificado expedido polo organismo competente da cantidade percibida.
 - o No suposto de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do ex-cónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.
 - o No suposto de estimarse oportuno, por terse modificado desfavorablemente a situación económica, poderanse presentar tamén xustificantes de ingresos do ano 2024 ata a data da convocatoria, para que, no seu caso, analizadas as circunstancias, a Comisión Cualificadora poida propoñer o que estime procedente.
- o ANEXO III – CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVISTOS NO ARTIGO 13





Concello de Oza-Cesuras

DA LEI 38/2003 E ARTIGO 10 DA LEI 9/2009

o ANEXO IV.- DECLARACIONES RESPONSABLES

B) Solicitudes presentadas polo criterio socio ANPA

Anexo IV

Libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).

Xustificante de estar matriculado no curso 2º ciclo de educación infantil ou educación primaria no CEIP plurilingüe Bragade no curso 2025/2026.

Certificación bancaria do número de conta ou fotocopia da libreta de aforros na que figure o número de conta co IBAN e na que deberá figurar como titular a persoa solicitante.

En calquera caso o/a beneficiario/a ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola intervención do Concello, Tribunal de Contas ou Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O/a beneficiario/a ten a obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención, e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta. PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes será do 17 ao 30 de marzo (ambos incluídos).

Sétima. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DE AXUDA.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, as axudas solicitadas polo criterio da renda serán valoradas por unha comisión cualificadora (integrada polas traballadoras sociais deste municipio), co obxecto que emitirán un informe con proposta de concesión/denegación e procederase a súa aprobación polo órgano competente.

As solicitudes que soliciten a axuda polo criterio socio ANPA, con carácter previo a valoración pola comisión cualificadora, o CEIP PLURILINGÜE BRAGADE emitirá informe en relación a existencia causas sociais, culturais, educativas ou similares dos menores que soliciten a axuda.

Oitava. ÓRGANO COMPETENTE

O órgano competente para a concesión das bolsas é o Alcalde ou Xunta do Goberno Local ou persoa na que delegue, previa proposta da Comisión Cualificadora que estará composta polas integrantes do





Concello de Oza-Cesuras

Servizos Sociais deste municipio.

Novena. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Xustificación axuda criterio renda e criterio socio ANPA (excluintes entre sí)

Para a xustificacións os/as beneficiarios/as deberán presentar a seguinte documentación:

Declaración responsable do cumprimento dos requisitos e condicións e da finalidade que determina a concesión da subvención (Anexo IV).

Relación clasificada de gastos realizados con identificación dos/das acreedores/as, dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos, acompañada xustificantes de pago (Anexo IV).

Relación detallada das subvencións ou axudas solicitadas ou obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto (Anexo IV).

A xustificación relizaráse dentro dos dous meses ao remate das actividades e en todo caso antes do 1 de agosto de 2026.

En calquera caso o/a beneficiario/a ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola intervención do Concello, Tribunal de Contas ou Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O/a beneficiario/a ten a obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención, e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Pagamento e entrega da axuda

O pagamento das axudas efectuarase mediante transferencia bancaria para o cal o/a solicitante deberá presentar o número de conta onde facer o ingreso de dita axuda, no que debe figurar como titular o solicitante da axuda.. Non obstante, o concello poderá acordar outra forma de pagamento.

Décima. COMPATIBILIDADE

A presente subvención é compatible con outras que para a mesma finalidade poidan concederse por entes públicos ou privados aos beneficiarios/as cos requisitos previstos na base segunda.





Concello de Oza-Cesuras

O importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo do investimento feito polo beneficiario/a.

Undécima. RECURSOS

A resolución que resolva o procedemento poñerá fin á vía administrativa e, contra a mesma o/a interesado/a poderá interpor os recursos que se indican a continuación:

1. Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquel no que se notifique ou publique a resolución, de conformidade e co establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.
2. Directamente, recurso contencioso administrativo, ante o órgano competente da xurisdición do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte a aquel no que se notifique ou publique a resolución, en aplicación do disposto no artigo. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición do Contencioso Administrativo.
3. Todo iso, sen prexuízo de que o/a interesado/a interpoña calquera outro recurso que estime pertinente.

Duodécima. INTERPRETACIÓN.

Calquera cuestión de interpretación das presentes bases será resolta pola Comisión Cualificadora.

En Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE,

Asdo. José Pablo González Cacheiro



ANEXO I
SOLICITUDE DE AXUDAS PARA A ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR DE MULTIDEPORTE, XESTIONADA POLA ANPA, DOS ALUMNOS MATRICULADOS NO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL OU EDUCACIÓN PRIMARIA NO CEIP PLURILINGÜE BRAGADE NO CURSO 2025/2026

DATOS DO/A SOLICITANTE

| | | | | | |
|--|--|------------|--|---------------------|--|
| Nome e apelidos | | | | | |
| D.N.I. | | | | | |
| Pai | | Nai | | Titor/Titora | |
| Enderezo | | | | | |
| Teléfono | | | | | |
| Número membros unidade familiar | | | | | |
| Autorizo á consulta dos datos de empadramento da unidade familiar | | SI | | NON (*) | |

(*) No caso de non autorizar á consulta dos datos de empadramento da unidade familiar deberá achegar certificado de empadramento colectivo no que apareza o solicitante e os menores obxecto da bonificación.

EXPÓN:

Que tendo coñecemento de que o Concello de Oza - Cesuras convoca axudas para a actividade extraescolar de multideporte para o curso académico 2025/2026, a aquelas familias empadroadas neste Municipio das que os seus fillos/as realicen estudos no CEIP Plurilingüe Bragade.

SOLICITA A SUBVENCIÓN DA SEGUINTE ACTIVIDADE (marcar o criterio que se vai ter en conta, son excluíntes entre si):

- Criterio renda**
- Criterio socio da A.N.P.A. SOCAMIÑO DO CEIP PLURILINGÜE BRAGADE**

Actividade extraescolar de multideporte (2º ciclo Educación Infantil e Educación Primaria)

| NOME DO ALUMNO/ALUMNA | CURSO | ACTIVIDADE REALIZADA | Nº MESES QUE REALIZOU A ACTIVIDADE |
|------------------------------|--------------|-----------------------------|---|
| 1.- | | MULTIDEPORTE | |
| 2.- | | | |
| 3.- | | | |

Oza – Cesuras, _____ de _____ de 2026

Asdo.



ANEXO I (Continuación)

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Deberán achegarse os seguintes documentos segundo os casos que se especifican (sinale as casillas correspondentes aos documentos que achega):

- o D.N.I. de ambos proxenitores (*Salvo no caso de familias monoparentais ou existencia de convenio regulador con custodia exclusiva para un dos proxenitores*). No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do ex-cónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.
- o Libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).
- o Certificación bancaria do número de conta ou fotocopia da libreta de aforros na que figure o número de conta co IBAN e na que deberá figurar como titular a persoa solicitante.
- o Xustificante de estar matriculado no ciclo de educación infantil ou educación primaria no CEIP plurilingüe de Bragade no curso 2025/2026
- o **ANEXO I – SOLICITUDE BONIFICACIÓN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2025/2026**

A capacidade económica da unidade familiar calcularase en atención a súa renda e se é o caso ao seu patrimonio. A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban e que comprenderán os rendementos do traballo, incluídas as pensións e prestacións de previsión social (nacionais e/ou do estranxeiro, calquera que sexa o seu réxime (certificado 2024); os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais. Ante calquera dúbida a comisión cualificadora poderá solicitar declaración xurada de ingresos.

- o **ANEXO II – AUTORIZACIÓN PARA OBTEN DATOS DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA.** No caso de non autorizar a consulta da renda da unidade familiar por medio do citado Anexo, achegará a declaración da renda correspondente ao último exercicio (ano 2024) e de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de renda emitido pola Axencia Tributaria de todos os membros da unidade familiar (**so nas solicitudes do criterio renda**)
- o No suposto de non autorizar a súa consulta (Anexo II), achegará a declaración da renda correspondente ao último exercicio (ano 2024) e de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de renda emitido pola Axencia Tributaria, ou organismo correspondente (**so nas solicitudes do criterio renda**)
- o **ANEXO III – CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVISTOS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003 E ARTIGO 10 DA LEI 9/2009**
- o **ANEXO IV DECLARACIÓNS RESPONSABLES**

O empadramento comprobarase de oficio.

No tocante á documentación anteriormente relacionada e que debe achegarse ca solicitude de bonificación das actividades extraescolares de multideporte durante o curso escolar 2025/2026, ao abeiro do establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) **DECLARO** que todos os documentos son veraces, que concordan cos orixinais que posúo e que os exhibirei en calquera momento a requirimento dese concello.

Así mesmo,

AUTORIZO: Ao Concello de Oza- Cesuras a consultar e recabar os documentos citados no cadro





seguinte, que non sufriron ningún tipo de variación nin actualización, e que xa foran achegados con anterioridade no rexistro xeral deste concello no procedemento e nas datas que se indican:

| Documento | Procedemento e data en que se presentou |
|---|---|
| DNI da nai do/a menor | |
| DNI do pai do/a menor | |
| Último convenio regulador | |
| Libro de Familia | |
| Xustificante de matrícula no centro escolar | |
| Certificación bancaria | |
| Autorización para obter datos da AEAT | |

Oza-Cesuras, _____ de _____ do 2026

Asdo.: _____



ANEXO II

AUTORIZACIÓN PARA OBTENER DATOS DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA

As persoas que asinan abaixo, autorizan ao Concello de Oza-Cesuras a solicitar á Axencia Estatal da Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control do cumprimento dos requisitos establecidos na axudas para actividades extraescolares para o curso académico 2025/2026 a aquelas familias empadroadas neste Municipio das que os seus fillos/as realicen estudos no CEIP Plurilingüe Bragade, cando a persoa que consta no apartado A da presente autorización poida resultar beneficiaria.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA. PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSÚA A AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPUESTO SOBRE LA RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS DO EJERCIZO 2024.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA AXUDA.

| | |
|-----------------|----------|
| APELIDOS E NOME | |
| NIF | SINATURA |

B.- DATOS DE OUTROS MEMBROS DA FAMILIA DO SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO O CONTROL DA AXUDA.

(Unicamente maiores de 18 anos)

| NIF | Apellidos e nome | Sinatura |
|-----|------------------|----------|
| | | |
| | | |
| | | |

En Oza-Cesuras, a _____ de _____ de 2026

NOTA: A autorización concedida polos que arriba asinan pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao organismo solicitante.

***Deberán achegar copia do DNI de todos os membros da unidade familiar cuxos ingresos sexan computables para o recoñecemento, seguimento e control da axuda, se xa foron presentados para o seguinte procedemento _____ o _____ / _____.**



ANEXO III

CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVISTOS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003 E ARTIGO 10 DA LEI 9/2007

(para cubrir por todos os solicitantes)

Eu, don/dona _____

con DNI núm _____, veciño/a de Oza-Cesuras,

DECLARO que cumpro os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estou ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Oza-Cesuras.

Oza-Cesuras, _____ de _____ de 2026

Asdo.: _____



ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLES

(para cubrir por todos os solicitantes)

Eu, don/dona _____

con DNI núm. _____, veciño/a de Oza – Cesuras, como solicitante da axuda para a actividade extraescolar de multipoderte para o curso académico 2025/2026 a aquelas familias empadroadas neste Municipio das que os seus fillos/as realicen estudos no CEIP Plurilingüe Bragade, convocadas por este concello.

DECLARO .

- Que se cumpriron os requisitos e condicións e a finalidade que determina a concesión da axuda.
- Que os gastos realizados foron os seguintes:

| ACREEDORES | CONCEPTO DO GASTO | TIPO DOCUMENTO | IMPORTE |
|-------------|-------------------|----------------|---------|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| TOTAL GASTO | | | Euros |

- Que para o mesmo concepto, solicitáronse, ademais as subvencións ou axudas doutras administración públicas ou entidades privadas seguintes, polos importes que se indican:

| ENTIDADE | IMPORTE |
|---------------------------------------|---------|
| | |
| | |
| | |
| TOTAL SUBVENCIÓNS /AXUDAS SOLICITADAS | Euros |

- Que para o mesmo concepto, obtivéronse, ademais as subvencións ou axudas doutras administración públicas ou entidades privadas seguintes, polos importes que se indican:

| ENTIDADE CONCEDENTE | IMPORTE |
|--------------------------------------|---------|
| | |
| | |
| | |
| TOTAL SUBVENCIÓNS /AXUDAS CONCEDIDAS | Euros |

NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN

E para que conste, a efectos de xustificación e cobro da axuda referida, expídese a presente declaración en Oza-Cesuras, a _____ de _____ de 2026.

Asdo.: _____

